

2.2. Considérase media xornada o horario comprendido entre as 8.30 e as 14.30 horas ou entre as 14.30 e as 20.30 horas; e a xornada completa o horario comprendido entre as 8.30 e as 20.30 horas.

2.3. Os prezos que se reflicten no punto 2.1. sufrirán un incremento do 50% en sábados, domingos ou festivos. En calquera caso, o aboamento destes prezos terá que facerse efectivo cunha antelación mínima de 48 horas á utilización do espazo cedido.

2.4. A cesión e o uso das instalacións estará sometido ao cumprimento das normas de xestión interna das instalacións.

2.5. Os prezos pola cesión de instalacións que figuran neste artigo inclúen os custos relativos a persoal de apoio e persoal técnico para a prestación de servizos de carácter informático ou audiovisual, cando así se requiran e calquera que sexa o día da semana en que se produza a cesión.

#### Artigo 3º.-*Actividades formativas.*

3.1. A contía da matrícula relativa a actividades formativas organizadas pola Escola Galega de Administración Pública establécese en función das horas de duración destas, do seguinte xeito:

Tipo de actividade	Prezo
Formación xeral	7,00 €/h
Teleformación	4,00 €/h
Formación directiva e cursos superiores	15,00 €/h
Divulgación, reflexión e debate	15,00 €/h

3.2. Os prezos a que fai referencia o punto anterior son exixibles anticipadamente á celebración do curso de que se trate, dentro do prazo e nas condicións que se establezan nas correspondentes convocatorias.

3.3. Poderanse establecer nas convocatorias con carácter xeral bonificacións, de ata como máximo o 50%, nas contías dos dereitos de inscrición a participantes das administracións públicas galegas que realicen no desempeño do seu posto de traballo tarefas que teñan relación directa coas materias da actividade convocada.

3.4. A contía poderá ser incrementada ata un 40% naquelas actividades que polas súas peculiares características respecto ao tema, idioma de impartición ou metodoloxía, requiran profesorado e técnicas especiais.

3.5. Naqueles cursos e/ou actividades formativas que sexan realizadas conxuntamente con outras institucións, as diversas matrículas acordaranse en función da proporción de gastos asumidos por cada unha das institucións e en relación cos diversos prezos anteriormente indicados. Así mesmo, poderase establecer un número mínimo de asistentes, cuxas matrículas, en caso de non completarse tal número mínimo, serán aboadas polo referido organismo.

#### Artigo 4º.-*Actualización dos prezos.*

Os prezos regulados nesta orde actualizaranse cada dous anos, desde a súa entrada en vigor, mediante resolución do director da EGAP, que será publicada no *Diario Oficial de Galicia*, en función da variación acumulada do índice de prezos ao consumo (IPC) para a Comunidade Autónoma de Galicia no mes de decembro anterior.

#### *Disposición derogatoria*

Derrógase a Orde do 13 de xullo de 1992 pola que se regulan os prezos privados que hai que aplicar pola cesión temporal do uso das instalacións da Escola Galega de Administración Pública.

#### *Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2010.

Alfonso Rueda Valenzuela  
Conselleiro de Presidencia, Administracións  
Públicas e Xustiza

*Resolución do 4 de maio de 2010, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se modifica a Resolución do 13 de maio de 2008 e a Resolución do 10 de decembro de 2008, pola que se establece unha convocatoria de listas de formadores colaboradores para impartir seminarios fóra de Galicia, promovidos por esta secretaría xeral.*

A Secretaría Xeral de Emigración convocou unha lista de formadores colaboradores para impartir seminarios fóra de Galicia mediante Resolución do 13 de maio de 2008 (DOG nº 96, do 20 de maio). Esta resolución tivo unha modificación dos criterios de valoración de méritos, mediante Resolución do 10 de decembro de 2008 (DOG nº 244, do 17 de decembro).

A Secretaría Xeral da Emigración, centro directivo que segundo o Decreto 82/2009, do 19 de abril, depende funcionalmente da Presidencia da Xunta de Galicia e organicamente da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, é o órgano ao que lle corresponden as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galegitude, e as relacións coas comunidades galegas no exterior, en virtude do disposto no Decreto 325/2009, do 18 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da

Xunta de Galicia. Esta secretaría xeral, á vista da experiencia da execución das convocatorias considera que é preciso facer algunhas modificacións.

De acordo co anterior e en virtude das atribucións legalmente conferidas á Secretaría Xeral da Emigración resolve:

Modificar o artigo 8º.1.-Réxime de chamamento para impartir os seminarios que quedaría redactado do seguinte xeito:

1. A vista da relación de profesores e tendo en conta as solicitudes presentadas, a Secretaría Xeral da Emigración designará os formadores colaboradores atendendo aos seguintes criterios:

Puntuacións de méritos acadada segundo o establecido no artigo 7º da Resolución do 13 de maio de 2008 modificada por Resolución do 10 de decembro de 2008 (DOG nº 96, de 20 de maio e DOG nº 244, do 17 de decembro) da Secretaría Xeral de Emigración.

Se é o caso, solicitude motivada da entidade na que propoña un profesor determinado para impartir o seminario. A dita proposta será valorada polos técnicos da Secretaría Xeral da Emigración.

Proximidade de residencia dos profesores á cidade onde se imparta o curso.

Grao de cumprimento das condicións de organización e informes emitidos polas entidades galegas, en cursos impartidos en anteriores edicións destes programas.

A Secretaría Xeral da Emigración poderá programar circuitos de seminarios en áreas ou localidades próximas, de forma que un profesor imparta dous ou máis cursos, se fose necesario.

Modificar o artigo 8º.2 da resolución e engadir un parágrafo.-Forma de chamamento, que quedaría da seguinte maneira:

2. O chamamento efectuarase mediante correo electrónico de acordo coas exigencias da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico aos cidadáns dos servizos públicos (art. 27.3º) e atendendo o parágrafo anterior.

3. Os formadores colaboradores seleccionados terán un prazo para atender ao chamamento de tres días contados desde a comunicación.

#### *Disposición transitoria*

O prazo de presentación de novas inscricións e actualizacións das listas establecido no artigo 10 da Resolución do 13 de maio de 2008, será de 15 días a contar a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Rematado o prazo publicaranse as listas actualizadas.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2010.

J. Santiago Camba Bouzas  
Secretario xeral da Emigración

## **CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

*Orde do 5 de maio de 2010 pola que se establecen e se convocan axudas de prevención e apoio a familias en situacións carenciais graves para a preservación dos menores no seu medio.*

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23º, asígnalle á comunidade autónoma a competencia exclusiva en materia de asistencia social. Pola súa banda, o Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, no seu artigo 1 atribúelle á dita consellería a competencia en materia de servizos sociais, incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social e inclusión social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, inclúe no catálogo de servizos sociais as prestacións económicas orientadas a satisfacer necesidades pecuniaras valoradas dos individuos ou das familias e a estimular a súa incorporación social e laboral. No seu artigo 21, define as prestacións económicas do sistema galego de servizos sociais como as achegas en diñeiro, de carácter periódico ou de pagamento único, que teñen como finalidade, entre outras, apoiar o coidado de menores, paliar situacións transitorias de necesidade, garantir mínimos de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.

Así mesmo, a Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, a infancia e a adolescencia, prevé no seu artigo 11.3º c) a regulación de prestacións económicas ou técnicas que teñan por obxecto incidir favorablemente nas situacións de carencia familiar, e no artigo 15 a) establece, entre outras medidas preventivas, o apoio á infancia e á adolescencia a través de medidas económicas ou técnicas dirixidas a cubrir as súas necesidades básicas e a mellorar o medio familiar co fin de garantir o dereito a desenvolverse, sempre que sexa posible, no seo da súa propia familia.

Estas medidas axustaranse ás normas e principios establecidos nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, así como na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega. En especial, teranse en conta, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non-discriminación para a concesión das axudas.

Na súa virtude, en uso das facultades que teño atribuídas,

#### **DISPOÑO:**

*Artigo 1º.-Obxecto e finalidade destas axudas.*

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión de axudas individuais